

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA DO 13 DE ABRIL DE 2022

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00018163R.

Ratificación da urxencia da convocatoria. |

Ratifícase a urxencia.

2. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00018163R.

Declaración de ausencia de conflito de intereses en expediente de contratación/subvencións. |

Adóptase o seguinte acordo relacionado co punto 3 desta XGL:

Expediente: 2022/00008663W

Contrato: Estudo para elaboración do plan de acción de AXENDA URBANA 2030 de Santiago de Compostela. Actividade financiada ao abeiro da convocatoria para a elaboración de proxectos piloto de plans de acción local da axenda urbana española do Ministerio de Transporte, Mobilidade e Axenda Urbana.”

Ao obxecto de garantir a imparcialidade no procedemento de contratación arriba referenciado, os membros da Xunta de Goberno Local, como participantes no proceso de preparación e tramitación do expediente, declaran:

Primeiro. Estar informados do seguinte:

1. Que o artigo 61.3 «Conflito de intereses», do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, de 18 de xullo (Regulamento financeiro da UE) establece que «existirá conflito de intereses cando o exercicio imparcial e obxectivo das funcións véxase comprometido por razóns familiares, afectivas, de afinidade política ou nacional, de interese económico ou por calquera motivo directo ou indirecto de interese persoal.»

2. Que o artigo 64 «Loita contra a corrupción e prevención dos conflitos de intereses» da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ten o fin de evitar calquera distorsión da competencia e garantir a transparencia no procedemento e asegurar a igualdade de trato a todos os candidatos e licitadores.

3. Que o artigo 23 «Abstención», da Lei 40/2015, de 1 outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, establece que deberán absterse de intervir no procedemento «as autoridades e o persoal ao servizo das Administracións en quen se dean algunhas das circunstancias sinaladas no apartado seguinte», sendo estas:

a) Ter interese persoal no asunto de que se trate ou noutro en cuxa resolución puidese influír a daquel; ser administrador de sociedade ou entidade interesada, ou ter cuestión litixiosa pendente con algún interesado.

b) Ter un vínculo matrimonial ou situación de feito asimilable e o parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do segundo, con calquera dos interesados, cos administradores de entidades ou sociedades interesadas e tamén cos asesores, representantes legais ou mandatarios que interveñan no procedemento, así como compartir despacho profesional ou estar asociado con estes para o asesoramento, a representación ou o mandato.

c) Ter amizade íntima ou inimidade manifesta con algunha das persoas mencionadas no apartado anterior.

d) Intervir como perito ou como testemuña no procedemento de que se trate.

e) Ter relación de servizo con persoa natural ou xurídica interesada directamente no asunto, ou prestarlle nos dous últimos anos servizos profesionais de calquera tipo e en calquera circunstancia ou lugar».

Segundo. Que non se atopan incursos en ningunha situación que poida cualificarse de conflito de intereses das indicadas no artigo 61.3 do Regulamento Financeiro da UE e que non concorre na súa/s persoa/s ningunha causa de abstención do artigo 23.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público que poida afectar o procedemento de licitación/concesión.

Terceiro. Que se comprometen a por en coñecemento do órgano de contratación, sen dilación, calquera situación de conflito de intereses ou causa de abstención que dea ou puidese dar lugar ao devandito escenario.

Cuarto. Coñecen que unha declaración de ausencia de conflito de intereses que se demostre que sexa falsa carrexará as consecuencias disciplinarias, administrativas e/ou xudiciais que estableza a normativa de aplicación.

3. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00008663W.

Aprobación do expediente denominado Servizo dun estudo para elaboración do plan de acción da AXENDA URBANA 2030 de Santiago de Compostela. Actividade financiada ao abeiro da convocatoria para a elaboración de proxectos piloto de plans de acción local da axenda urbana española do Ministerio de Transporte, Mobilidade e axenda urbana

Primeiro.- Apróbase o expediente denominado Servizo dun estudo para elaboración do plan de acción da AXENDA URBANA 2030 de Santiago de Compostela, actividade financiada ao abeiro da convocatoria para a elaboración de proxectos piloto de plans de acción local da axenda urbana española do Ministerio de Transporte, Mobilidade e Axenda Urbana e a apertura do procedemento aberto de adxudicación e tramitación ordinaria.

O orzamento base de licitación será de 116.099,45 € (base impoñible de 95.949,96 € máis IVE do 21% por importe de 20.149,69 €).

Segundo.- Apróbase o gasto por importe de 116.099,45 euros. Este contrato financiarase con cargo á aplicación orzamentaria DESENVOLVEMENTO EMPRESARIAL GASTOS EN INVESTIMENTOS DE CARÁCTER INMATERIAL (PROXECTO 2022 2 NGAXE 1), con fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – NextGeneration EU, en base a unha axuda concedida por Resolución do 11/12/2021 do Ministerio de Transporte, Mobilidade e Axenda Urbana. Esta subvención financia o 100% agás o IVE.

4. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022ARTESANIA.

Autorización para instalación de postos de venda de artesanía durante os días 13,14,15,16 e 17 de abril de 2022.

Vista as solicitudes realizadas por cinco persoas, todos eles titulares de postos de venda ambulante de artesanía na vía pública, solicitando una autorización excepcional para instalar os postos durante o período de Semana Santa, accédese ao solicitado e autorízase a instalación dos devanditos postos de venda ambulante de artesanía, nos termos das bases reguladoras aprobadas pola Xunta de Goberno o día 11.5.2021, durante os días 13, 14, 15, 16 e 17 de abril de 2022.

5. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00016303G.

Transmisión das casetas números 88 e 89 (que conforman o local número 3 da nave 5) da praza de abastos por falecemento do titular.

Autorizar a transmisión das casetas da praza de abastos números 88 e 89 (que conforman o local nº 3 da nave 5) por falecemento do titular legal das mesmas. A nova persoa adxudicataria ten a obriga de explotar as casetas conforme ás disposicións recollidas no Regulamento municipal de praza de abastos e a duración da concesión será por un máximo de 50 anos en total, contados dende a data na que foi concedida inicialmente.

6. ALCALDÍA. Referencia: 2022/00018102D.

Delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros delegados. |

Adóptase o seguinte acordo:

Primeiro. Delegar as competencias da Xunta de Goberno Local que se relacionan nos concelleiros que se indican:

1. Na concelleira delegada de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local:

- A competencia sinalada na letra g) do artigo 127.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, no relativo ao desenvolvemento da xestión económica, agás nos seguintes casos: os procedementos para a concesión de subvencións, a aprobación do gasto en expedientes de contratación, a ampliación do número de anualidades de gastos plurianuais e das porcentaxes de gasto de cada anualidade e a convalidación de gastos correspondentes a contratos menores.

- A competencia para iniciar os procedementos de contratación de contratos administrativos ou privados, así como para iniciar os procedementos para a concesión do aproveitamento especial ou do uso privativo de bens de dominio público municipal nos supostos non atribuídos a outros concelleiros.

- A competencia para iniciar os procedementos para a imposición de penalidades e de resolución de contratos de todo tipo, así como para ditar os actos de trámite e impulso necesarios.

2. No concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade Cidadá e Festas:

- A concesión de autorizacións para a prestación do servizo de autotaxi e para autorizar a súa transmisión.

3. Na concelleira delegada de Políticas Sociais e Saúde, Medio Ambiente e Parques e Xardíns:

- A resolución dos procedementos para o outorgamento das prestacións reguladas na "Ordenanza de garantía básica cidadá do Concello de Santiago de Compostela "Compostela+", a aprobación da xustificación das axudas (art. 12) e a autorización e disposición de gastos e o recoñecemento de obrigas neses procedementos.

- A resolución dos procedementos de concesión de bolsas de comedor, actividades extraescolares e material escolar e a autorización e disposición do gasto e o recoñecemento das obrigas neses procedementos.

4. Na Alcaldía:

- A competencia para outorgar, renovar e autorizar a transmisión e modificacións das autorizacións para a venda ambulante na vía pública ou mercados municipais.

- A competencia para autorizar a transmisión e modificacións das concesións de postos de venda situados na Praza de Abastos.

5. Delégase en todos os concelleiros delegados e na Alcaldía, dentro do ámbito material das súas atribucións, a competencia para adxudicar contratos menores e autorizar e aprobar o gasto neses procedementos.

6. Cando os concelleiros con competencias delegadas se ausenten do termo municipal, o Alcalde supliraos no exercicio daquelas durante o período de ausencia.

7. Este acordo producirá efectos desde a data da súa adopción.

Segundo. Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia e dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que teña lugar.